

3. A 1ª Guerra Mundial. As Fases da Gran Guerra: Unha Análise Integral (1914–1918)

Esta táboa unifica a cronoloxía estratéxica coas innovacións tácticas e os eventos decisivos que definiron cada etapa do conflito.

Fase e Cronoloxía	Estratexia e Táctica Militar	Fitos e Batallas Fundamentais
Guerra de Movementos (1914)	▪ Fracaso do Plan Schlieffen: Alemaña buscaba unha vitoria rápida no oeste para evitar a guerra en dúas fronteas (<i>Zweifrontenkrieg</i>). O erro foi a subestimación da rapidez de mobilización rusa e a resistencia belga. A intervención de Gran Bretaña (Tratado de Londres) e o esgotamento das tropas alemás tras semanas de marcha foron determinantes para o fracaso da ofensiva inicial.	○ Batalla do Marne: A Francia de Joffre detén o avance alemán preto de París; o exército alemán retirase ata o río Aisne. ○ Batalla de Tannenberg: Grande vitoria dos alemáns Hindenburg e Ludendorff fronte á mobilización temperá de Rusia; estabilizando a fronte leste. ○ “Carreira cara ao mar”: intento de flanquear ó inimigo que remata nunha liña ininterrompida de trincheiras dende Suíza ata a Canle da Mancha.
Guerra de Posicións / Trincheiras (1915–1916)	▪ Estancamento e Desgaste: A potencia de fogo (<i>metralladoras e artillería</i>) impúxose á mobilidade. A fronte Occidental estabilízase en 800 km de trincheiras. A guerra converteuse nunha loita de cercos recíprocos. Buscouse romper a fronte mediante o uso de novas armas (<i>gases, tanques aínda primitivos</i>) e a apertura de fronteas secundarias (<i>Balcáns, fronte italiana</i>) para dispersar as forzas do inimigo. O bloqueo naval británico comezou a asfixiar as subministracións alemás.	○ Batalla de Verdún: Símbolo do desgaste extremo (máis de 700.000 baixas). Empregouse unha estratexia de “atrición” para esgotar as reservas francesas. ○ Batalla do Somme: Ofensiva británica masiva para aliviar Verdún; máximo expoñente da carnicería industrial. Nesta batalla empregáronse os primeiros tanques. ○ Batalla de Gallípoli: Fracaso dos aliados de Churchill por abrir os estreitos otománs e axudar a Rusia. ○ Batalla de Xutlandia: único gran enfrontamento naval; Alemaña non logra romper o bloqueo.
O Ano de Xiro e Crise (1917)	▪ Mudanza de Actores- Colapso Ruso e Entrada de EUA: O equilibrio rompe por factores externos ao campo de batalla: ▪ A Revolución Rusa permite a Alemaña concentrar as súas divisións do leste no oeste. ▪ Porén, o erro estratéxico de retomar a guerra submarina total forzou a intervención dos Estados Unidos, que achegou unha superioridade industrial e	○ Revolución Rusa: Caída do tsar e posterior paz de Brest-Litovsk, onde Rusia cede enormes territorios a Alemaña. ○ Crise de 1917: Motíns no exército francés (Nivelle), folgas en Gran Bretaña e desánimo en Alemaña. ○ Telegrama Zimmermann: Detonante político para a entrada de EUA no conflito. ○ Entrada de EUA: Achega de recursos industriais, créditos e tropas frescas

moral infranqueable para as
esgotadas Potencias Centrais.

- Ademais o cansazo xeral comezaba a mostrarse nas retagardas en forma de desánimo que provocaba motíns.

que desequilibran a balanza a favor da Entente.

Final e Colapso (1918)

- **Ofensivas Decisivas:** Ludendorff lanzou as *Kaiserschlacht* (ofensivas de primavera) para gañar antes de que EUA despregara todo o seu potencial. Tras o seu fracaso, os aliados, baixo o mando unificado de **Foch**, lanzaron a **contraofensiva dos cen días**, usando a coordinación “armas combinadas” (infantería, aviación e tanques Renault FT-17). Mediante esta ofensiva conseguíase a rotura definitiva da liña Hindenburg. O colapso foi tanto militar como social (revoltas espartaquistas en Alemaña).

- **Segunda Batalla do Marne:** Punto de inflexión onde os aliados recuperan a iniciativa. É derrota definitiva alemá.
 - Colapso das Potencias Centrais por esgotamento interno e revolucións (abdica Guillerme II).
 - **11 de novembro:** Sinatura do **Armisticio de Compiègne** tras a abdicación de Guillerme II e o nacemento da República de Weimar.
-